



Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, na data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS. NOMEAMENTO TRIBUNAL E CONVOCATORIA DE EXAME. CONVOCATORIA E BASES PROCESO SELECTIVO PERSOAL LABORAL TEMPORAL. APROL RURAL 2025.

EXPEDIENTE: 2025/G003/000233 (Decretos).

EXPEDIENTE: 2025/A008/000012 (Subvencións).

EXPEDIENTE: 2025/E001/000002 (Convocatoria Selección Persoal)

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Vista a Resolución de concesión de subvencións para o fomento de emprego no medio rural (Aprol Rural) pola que se lle concede ao Concello de Vilasantar subvención para a contratación de 1 peón forestal para a realización de “Tarefas de limpeza de montes, Planificación Preventiva e Xestión da Biomasa”

Visto que mediante o decreto de alcaldía 203/2025, de 17 de Xuño de 2025, se aprobaron as bases e convocatoria para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para a contratación de 1 peón forestal para a realización de “Tarefas de limpeza de montes, Planificación Preventiva e Xestión da Biomasa”.

Visto que ditas bases e convocatoria foron publicadas na páxina web, taboleiro de anuncios e portal de transparencia deste concello.

Visto que en data 17/06/2025 se presentou a oferta de emprego número 12-2025-6167 para peón forestal introducida no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Visto que mediante o decreto de alcaldía nº 223/2025, de 4 de Xullo de 2025, se aprobou a lista provisional de admitidos e excluídos.

Visto que os candidatos excluídos non aportaron documentación no prazo de dous días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos,

Examinadas as solicitudes presentadas e dacordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, **Resolvo:**



PRIMEIRO.- Admitir definitivamente ós aspirantes presentados que se relacionan a continuación ó proceso selectivo para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para a contratación de 1 peón forestal para a realización de “Tarefas de limpeza de montes, Planificación Preventiva e Xestión da Biomasa”, publicándose no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal así como no portal de transparencia do Concello de Vilasantar.

ADMITIDOS:

Nº DE REXISTRO	DNI	APELIDOS E NOME
202500000000507	76****45P	Lamas Castro, Manuel
202500000000515	78****95R	Carreira León, Carmen
202500000000518	76****06H	Maques Sanchez, Manuel

SEGUNDO.- Nomear o tribunal encargado da selección que estará integrado por:

Presidente: Alberto Labandeira Fontecoba, Peón de mantemento do Concello de Vilasantar.

Suplente: José Manuel Boado Sánchez, Peón tractorista do Concello de Vilasantar.

Secretaria: Mercedes Costoya Cortés, Auxiliar Administrativo do Concello de Vilasantar.

Suplente: M.^a Isabel Novo López, Administrativo do Concello de Vilasantar.

Vogal: Salvador García Quintela, Peón de mantemento do Concello de Vilasantar.

Suplente: David Novo Mato, Peón tractorista do Concello de Vilasantar.

Vogal: Sofia Dono García, traballadora social do Concello de Vilasantar.

Suplente: Aida Bello Mirás, Axente TIC do Concello de Vilasantar

Vogal: Ana Belén Vazquez Garea, Técnico de intervención familiar do Concello de Vilasantar.

Suplente: Elisabeth Rodriguez López, Tecnico en Animación de Actividades deportivas do Concello de Vilasantar.

TERCEIRO.- Convocar ós candidatos admitidos o día 11/07/2025 ás 10.00 horas para a realización do proceso selectivo.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación.

QUINTO.- Informar ao Pleno da corporación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.



CONCELLO DE VILASANTAR
R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



Mándao e asíno a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria - Interventora, Minia Astray Barca, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.